

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE MAIO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:35 horas do día 5 de maio de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 3 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. José Riesgo Boluda
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 4a e 4b)
D^a. Fátima María Dueñas Corchero (asiste ao punto 10a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitadores	Prezo
1	PROYFE, S.L.	147.339,39 €
2	UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.- URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING)	151.371,00 €
3	ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ	170.101,80 €
4	UTE ORDENACIÓN TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. - FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTOS, S.A.U.	164.731,97 €



	Licitadores	Prezo
7	PABLO MENÉNDEZ, S.L.U.	139.637,90 €
9	ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.	121.968,00 €
10	TECNICAS Y PROYECTOS, S.A. (TYPESA)	152.226,23 €

Todos os anteriores licitadores presentan o orzamento detallado esixido no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP, agás a UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.- URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING), á que se lle concederá un prazo de tres días hábiles polo Servizo de Contratación para que poida presentalo.

Asisten á apertura: D. Francisco Javier Zubía, con DNI 34.852.306, en representación de PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. e D. Julio Roberes, con DNI 36.134.046-R, en representación de URBING, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitadores	Prezo
1	PROYFE, S.L.	147.344,33 €
2	ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ	174.022,20 €
3	UTE ORDENACIÓN TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. - FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTOS, S.A.U.	175.230,46 €
4	UTE FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLES Y ASOCIADOS, S.L.P. - CONSULTORA DE INGENIERÍA MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA, S.L.	152.460,00 €
5	UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.	140.965,00 €
6	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	171.769,83 €



Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

	Licitadores	Prezo
7	UTE PABLO MENÉNDEZ, S.L.U. - REBORDA MARTÍNEZ ANTONIO 000439934Y, S.L.N.E.U.	147.259,93 €
8	UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. - URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING)	127.696,14 €
10	ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.	137.214,00 €

Todos os anteriores licitadores presentan o orzamento detallado esixido no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP, agás a UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. e a UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. - URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING), ás que se lles concederá un prazo de tres días hábiles polo Servizo de Contratación para que poidan presentalo.

Asisten á apertura: D. Francisco Javier Zubía, con DNI 34.852.306, en representación de PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. e D. Julio Roberes, con DNI 36.134.046-R, en representación de URBING, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104)

A técnica de Actividades Turísticas entrega na propia sesión o informe de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante fórmula*" de data 5 de maio de 2017, que é aceptado pola Mesa, por unanimidade dos asistentes.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.	84,70 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:09	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A745-5EEE89-51D3EC-SK8MEL-C5T458-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida na cláusula 8.4.4º.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.065,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:09	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A745-5EEE89-51D3EC-SK8MEL-C5T458-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		